

Mediar para transformar: A Intermediación Lingüística por parte de menores como recurso pedagógico¹

Mediating to Transform: Child Language Brokering as a Pedagogical Resource

Marta Estévez Grossi
Universidade de Vigo
marta.estevez.grossi@uvigo.gal
orcid.org/0000-0003-2073-5322

Fecha de recepción del artículo: 10-06-2025

Fecha de aceptación del artículo: 31-08-2025

Resumen

A Intermediación Lingüística por parte de Menores (ILM, en inglés *child language brokering*) fai referencia á práctica daqueles/as menores que, especialmente en contextos de migración, actúan como tradutores/as e intérpretes para as súas familias e comunidades lingüísticas. Esta contribución explora o potencial didáctico da ILM como recurso para traballar a competencia plurilingüe e de mediación. A partir dunha etnografía desenvolvida nun instituto de secundaria galego, preséntanse distintas actividades de concienciación lingüística baseadas na expresión dramática. A análise das dinámicas realizadas e das reflexións do alumnado participante amosa que este tipo de intervencións permiten visibilizar repertorios plurilingües habitualmente ignorados, promover aprendizaxes significativas e fomentar unha mirada crítica sobre a diversidade lingüística e as desigualdades sociolingüísticas presentes na escola.

Palabras clave: Intermediación Lingüística por parte de Menores – competencia plurilingüe – mediación lingüística – Conciencia Lingüística Crítica.

Abstract

Child Language Brokering (CLB) refers to the practice whereby children and adolescents, especially in migratory contexts, act as translators and interpreters for their families and linguistic communities. This paper explores the pedagogical potential of CLB as a resource to foster plurilingual and mediation competences. Drawing on ethnographic fieldwork conducted in a Galician secondary school, it presents a set of language awareness activities

¹ Trabajo realizado no marco do proxecto I+D+I: *Espacios de transformación sociolingüística en el contexto educativo gallego: agencia de los hablantes, repertorios multilingües y prácticas (meta)comunicativas (EQUILING Galicia)* (plan nacional de I+D+I Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades – Agencia Estatal de Investigación, PID2019-105676RB-C44/AEI/10.13039/501100011033, Universidade de Santiago de Compostela)

based on dramatic expression. The analysis of the implemented activities and the students' reflections shows that such interventions help to make often-overlooked plurilingual repertoires visible, support meaningful learning, and encourage a critical understanding of linguistic diversity and sociolinguistic inequalities within the school context.

Keywords: Child Language Brokering – Plurilingual Competence – Language Mediation – Critical Language Awareness.

1. Introducción

Nun mundo marcado por unha crecente mobilidade e diversidade, a educación lingüística enfróntase ao reto de recoñecer e activar os repertorios reais do alumnado, ao entendelos como recursos valiosos para a aprendizaxe e a participación social. Este enfoque adquire unha relevancia especial en territorios como Galiza, unha comunidade bilingüe historicamente marcada pola diglosia, a hibrididade e a heteroglosia (cf. Del Valle 2000), que nas últimas décadas está a experimentar unha emergente situación de superdiversidade derivada da migración (cf. DePalma & Perez-Carrazes 2018; Prego Vázquez & Zas Varela 2023). Porén, os repertorios e prácticas lingüísticas das persoas migrantes adoitan pasar desapercibidas ou ser invisibilizadas. Neste contexto de gran diversidade, as aulas convértese en espazos privilexiados para deseñar propostas didácticas transformadoras que empoderen tanto ao alumnado autóctono como ao alóctono mediante o recoñecemento dos seus repertorios plurilingües.

A publicación do *Volume Complementario do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas* no ano 2018 aposta precisamente por adoptar un enfoque plurilingüe e pluricultural na didáctica e aprendizaxe de linguas estranxeiras, ao tempo que achega descritores para a mediación lingüística en tanto que actividade de lingua distintiva ao nivel da comprensión, a expresión e a interacción. No Estado español, a partir da última modificación da LOMLOE, os currículos de educación secundaria tamén recollen a importancia de adoptar un enfoque plurilingüe que permita ao alumnado reflexionar de maneira crítica sobre a diversidade lingüística e os repertorios lingüísticos propios (Canalejas Nieto 2022). Porén, a implementación efectiva destes principios continúa a supoñer un reto para o profesorado. Esta contribución pretende fornecer ferramentas concretas para o profesorado que lle permitan deseñar tarefas significativas e fomentar a reflexión crítica no alumnado, co fin de que este poida recoñecer a diversidade lingüística presente nas aulas como unha oportunidade para a aprendizaxe e a inclusión.

2. Competencia plurilingüe e mediación lingüística: cara a unha didáctica situada

2.1. Mediación e plurilingüismo no ensino obrigatorio: entre discurso e práctica

Dende a publicación do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER) a comezos dos 2000, o ensino de linguas en Europa foi adoptando un enfoque comunicativo baseado na acción, onde o alumnado é considerado un axente social capaz de empregar os seus recursos lingüísticos en contextos reais. Este novo paradigma adopta ademais un enfoque plurilingüe e pluricultural, ao entender que as linguas e variedades aprendidas ao longo da vida forman parte dunha competencia comunicativa integrada, plural e intercultural (Consello de Europa 2005). Deste xeito relaciónase directamente a aprendizaxe de linguas co desenvolvemento da interculturalidade e de competencias de mediación intercultural. O *Volume Complementario* do MCER (Consejo de Europa 2020) define a mediación como unha actividade de lingua que permite a comunicación entre persoas que, por diversos motivos, non poden comunicarse directamente entre si; desta maneira defende un enfoque amplo de mediación, que inclúe tamén aquelas prácticas que teñen lugar de forma espontánea entre pares. Ademais, fai referencia explícita ao caso da Intermediación Lingüística por parte de Menores, unha práctica que ocorre moi frecuentemente en contextos marcados pola migración (cf. Consejo de Europa 2020:56) (véxase apartado **2.2. A Intermediación Lingüística por parte de Menores**).

Tamén o marco normativo español se fai eco deste cambio de paradigma a través da LOMLOE (Lei orgánica 3/2020) e da publicación dos correspondentes Decretos que regulan os currículos de educación obrigatoria tanto a nivel estatal (*Real Decreto 157/2022*; *Real Decreto 217/2022*) coma autónomica en Galiza (*Decreto 156/2022*; *Decreto 157/2022*). Moi relevante aquí é o feito de que, en todos estes documentos, a competencia plurilingüe non só se promove nas aulas de linguas estranxeiras, senón que se recoñece como unha das oito competencias clave do currículo presentes en cada unha das etapas educativas arriba indicadas. Dende esta perspectiva, a competencia plurilingüe non se limita ao coñecemento de varias linguas, senón que implica mobilizar con eficacia todos os recursos lingüísticos e culturais para comprender, expresarse, interaccionar e mediar en contextos diversos. Xunto a esta dimensión máis funcional, atópase ademais unha dimensión actitudinal e ética, orientada ao recoñecemento e á valoración da diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal e social. Esta perspectiva reflíctese claramente no propio contido do currículo, que no marco da competencia plurilingüe establece como obxectivo do ensino de Educación Secundaria Obrigatoria que o alumnado “[coñeza, valore e respecte] la diversidad lingüística y cultural presente en la sociedad, integrándola en su desarrollo personal como factor de diálogo, para fomentar la cohesión social”. A competencia plurilingüe, polo tanto, enténdese como un instrumento para promover a xustiza sociolingüística e a cohesión social a través da educación lingüís-

tica. Con todo, os repertorios e prácticas lingüísticas plurilingües do alumnado de familias migrantes seguen a ser frecuentemente invisibilizados ou considerados alleos ao contexto escolar, o que dificulta o seu recoñecemento e aproveitamento pedagógico (Duarte & Gogolin 2013).

As orientacións do MCER e da lexislación educativa recente están en liña coas actuais tendencias pedagóxicas, que sinalan que a aprendizaxe de linguas resulta máis eficaz cando se desenvolve en contextos auténticos, interactivos e significativos. É nestes contextos onde o alumnado pode establecer conexións entre o aprendido e a súa experiencia persoal e aplicar os seus coñecementos a situacións da vida real (Herring & Swabey 2017; Hudson & Whisler 2007; Mubarak et al. 2022). O propio *Volume Complementario* do MCER aposta decididamente por un enfoque orientado á acción, no que a mediación lingüística se concibe como unha actividade comunicativa central, estreitamente vinculada á competencia plurilingüe e á capacidade de actuar con axencia e eficacia en contextos diversos.

Porén, a implementación efectiva destes principios nas aulas continúa a supoñer un reto para o profesorado debido a diferentes razóns, como poden ser a falta de formación específica, a escaseza de materiais adaptados ou a persistencia de dinámicas pedagóxicas centradas na reprodución de modelos monolingües (Melo-Pfeifer 2021; Portolés & Martí 2020; Lisa Samper & Timón Redondo 2023). Neste contexto, resulta fundamental apoiar ao profesorado con estratexias e ferramentas que lle permitan deseñar tarefas contextualizadas e significativas, así como crear espazos de formación e reflexión crítica que favorezan unha mirada positiva cara á diversidade lingüística presente nas súas aulas.

A inclusión nas aulas de prácticas inspiradas na Intermediación Lingüística por parte de Menores (ILM) constitúe unha oportunidade didáctica especialmente valiosa, pois permite integrar de forma significativa a competencia de mediación e a competencia plurilingüe e intercultural. Estas prácticas, que emerxen de forma espontánea e natural en contextos migratorios cando os/as menores actúan como tradutores/as e intérpretes para as súas familias e outros membros da comunidade, permiten traballar con situacións comunicativas auténticas e situadas, ao tempo que favorecen o recoñecemento e valorización de repertorios lingüísticos habitualmente ignorados e promoven unha aprendizaxe significativa, crítica e inclusiva. No seguinte apartado describírase este fenómeno con maior detalle e atenderase ás súas características principais e ao seu potencial no ámbito educativo.

2.2. A Intermediación Lingüística por parte de Menores

A Intermediación Lingüística por parte de Menores (ILM), coñecida en inglés como *Child Language Brokering* (CLB), refírese ás actividades de interpretación e tradución realizadas por nenos/as e adolescentes bilingües que median lingüística e culturalmente en contextos formais e informais para membros das súas familias ou da comunidade lingüística á que pertencen e as sociedades nas que están insertos/as (cf. Antonini 2015). A ILM é un fenómeno que ocorre, de maneira xeral, en contextos de minorización lingüística (cf. Napier 2021). Porén, a investigación tense centrado no fenómeno da ILM principalmente en contextos de migración, nos que este tipo de prácticas adoita ser frecuente debido á rápida adquisición das linguas da sociedade de acollida por parte dos/as menores escolarizados/as, que actúan como ponte lingüística e cultural entre as súas familias e os distintos axentes sociais (cf. Weisskirch 2017).

Os estudos existentes sinalan unha gran incidencia da práctica da ILM en contextos migratorios, xa que indican que entre o 57 % e un 100 % dos menores de familias migrantes actúan como intermediadores/as lingüísticos/as (cf. Antonini 2016). Os ámbitos nos que se produce son diversos e van desde a esfera privada (vida familiar, situacións domésticas) ata a pública (centros sanitarios, escolas, oficinas administrativas, comercios), se ben o contexto escolar eríxese como un dos espazos onde a ILM se manifesta con maior frecuencia (Angelelli 2016; Dörnyei, Faulstich Orellana, & Li-Grining 2007; Crafter, Cline, & Prokopiou 2017). A ILM constitúe así unha resposta adaptativa á experiencia migratoria e unha práctica cotiá e significativa común á experiencia migrante que contribúe ao funcionamento da sociedade e produce beneficios económicos e materiais para as familias e as institucións do país de acollida (cf. Antonini 2016; García-Sánchez & Faulstich Orellana 2022). A pesar da súa relevancia social, estas prácticas seguen a estar amplamente invisibilizadas, tanto nas familias como nas institucións, e mesmo entre os/as propios/as menores que as realizan. No ámbito educativo, a ILM adoita pasar desapercibida para o profesorado, que pode descoñecer tanto o impacto emocional que realizar estas tarefas pode ter sobre o/a menor como as implicacións éticas de recorrer a menores como intérpretes sen ter en conta o contexto, a súa disposición ou a carga emocional.

A ILM non debe entenderse como sinónimo da competencia de mediación lingüística no sentido recollido no MCER, pois implica unha maior axencia por parte dos/as menores, que adaptan, negocian e reformulan as mensaxes segundo os marcos socioculturais e as dinámicas de poder presentes nas interaccións (cf. Hall & Guéry 2010). Porén, incorporar e visibilizar a ILM nas aulas permite aproveitar e poñer en valor os repertorios plurilingües dunha parte do alumnado que adoitan ser ignorados nas prácticas escolares tradicionais. A súa integración nas dinámicas pedagóxicas permite introducir situacións comunicativas auténticas e significativas que favorecen o desenvolvemento da competencia de mediación e da competencia plurilingüe. Ademais, contribúe a crear espazos educativos máis inclusivos e pode exercer un efecto

empoderador sobre o alumnado migrante e a avanzar cara a unha educación comprometida coa xustiza lingüística e social, en coherencia co enfoque plurilingüe e intercultural que promove o MCER e a normativa educativa actual.

3. Contextualización da investigación

3.1. O proxecto *Equiling Galiza: obxectivos e enfoque*

Esta contribución enmárcase no proxecto de I+D+i *Equiling Galiza*² (2020-2025), integrado no proxecto estatal *EquiLing (Conciencia lingüística crítica y agencia de las y los hablantes: investigación-acción para la igualdad sociolingüística)*, no que participaban tamén subproxectos en Cataluña, Euskadi e Madrid (<https://www.equiling.eu>). O obxectivo principal de *EquiLing Galiza* era analizar a diversidade sociolingüística dos centros educativos de ensino secundario galegos, eminentemente en contextos rururbanos marcados pola crecente diversidade lingüística derivada da migración e globalización (Prego Vázquez, Caamaño Rojo, & Zas Varela: 2025). Isto permitía estudar o contexto galego dende o prisma da superdiversidade (cf. Vertovec 2007), ao tempo que superar a tradicional visión dicotómica galego-castelán para dar unha imaxe máis completa da situación sociolingüística da Galiza actual, caracterizada pola convivencia de múltiples linguas e variedades autóctonas e alóctonas.

O proxecto puña así o foco no papel da mocidade como axente clave nestes procesos de transformación sociolingüística e aspiraba a desenvolver prácticas e propostas pedagóxicas transformadoras mediante a creación de materiais e a realización de accións nos centros educativos que contribuísen a unha maior xustiza sociolingüística (cf. Bucholtz et al. 2014), isto é, á visibilización das linguas, variedades e prácticas lingüísticas do alumnado, así como ao fomento dunha toma de conciencia crítica por parte do alumnado (e profesorado) sobre a diversidade sociolingüística nas aulas.

Metodoloxicamente *EquiLing Galiza* sitúase no marco da Etnografía Sociolingüística Crítica (Heller, Pietikäinen, & Pujolar Cos 2018; Heller & Duchêne 2007) e adopta o enfoque da investigación-acción participativa, que incorpora a investigación en colabor (Lassiter 2005; Leyva & Speed 2008; Prego-Vázquez, Molina, & Puigdevall 2025; Unamuno 2019) no que colaboran conxuntamente a) as investigadoras, b) o profesorado e c) o alumnado dos centros de secundaria. Este enfoque permite que os/as participantes deixen de ser meros “obxectos de estudo” e asuman roles activos na produción e análise de datos coma co-investigadores/as do proxecto (López Martínez, Prego Vázquez, & Zas Varela 2023; Prego Vázquez 2023).

² Espacios de transformación sociolingüística en el contexto educativo gallego: agencia de los hablantes, repertorios multilingües y prácticas (meta) comunicativas (Plan nacional I+D+I FEDER/Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades – Agencia Estatal de Investigación PID2019-105676RB-C44/AEI/10.13039/501100011033), Universidade de Santiago de Compostela).

3.2. A actividade Trocando linguas

A actividade *Trocando linguas* desenvolveuse no curso académico 2023-2024 en tres institutos galegos nas localidades de Arteixo, Ames e Burela seleccionados pola súa diversidade lingüística e cultural e pola presenza notable de alumnado de orixe migrante.

Nunha primeira fase, as investigadoras presentaron unha proposta inicial ao profesorado interesado, que se afinou e adaptou ás necesidades curriculares e contextuais dos centros e das materias onde se ía desenvolver o proxecto en varias reunións conxuntas. As actividades realizáronse principalmente nas aulas de Lingua Galega e Literatura e de Lingua Castelá e Literatura de entre 1º e 4º da ESO. No caso do instituto amesán contouse ademais cunha aula de Portugués coma 2ª Lingua Estranxeira de 4º da ESO composta por 14 estudantes, entre eles unha alumna alóctona cuxa lingua materna era o portugués. Nesta contribución centrarémonos nas actividades levadas a cabo nese grupo.

As actividades consistían, por un lado, nun traballo etnográfico e de reflexión sobre a diversidade lingüística propia e da contorna por parte do alumnado a través dun caderno etnográfico elaborado polas investigadoras. Paralelamente, as investigadoras deseñaron actividades específicas para levar a cabo aulas, que buscaban crear situacións e ambientes distendidos para a reflexión metalingüística. Estas propostas combinan o enfoque metodolóxico da Conciencia Lingüística Crítica con recursos pedagóxicos que emanan da expresión dramática (cf. Caamaño Rojo en prensa; Prego Vázquez, Caamaño Rojo, & Zas Varela: 2025; Prego-Vázquez, Molina, & Puigdevall 2025).

Sesión	Datas	Actividades
1	6 de febreiro	A diversidade lingüística, presentación do proxecto e entrega do caderno etnográfico
–	12 de febreiro – 1 de marzo	Traballo autónomo e investigación etnográfica por parte do alumnado
2	5 de marzo	Posta en común do traballo etnográfico Actividades de expresión dramática I: Representamos as nosas linguas
3	12 de marzo	Actividades de expresión dramática II: Representamos as nosas linguas
4	19 de marzo	Actividades de expresión dramática III: Intermediación Lingüística por Parte de Menores
5	9 de abril	Preparación da acción de rúa
6	16 de abril	Acción de rúa

7	23 de abril	Grupos de discusión
8	2 de maio	Presentación pública dos resultados por parte dos/as co-investigadores/as ante a comunidade universitaria

Fig. 1: Cronograma das actividades no grupo de 4º da ESO de Lingua Portuguesa.
Elaboración propia.

Todas as sesións foron acompañadas polas investigadoras e o profesorado e, agás a acción de rúa, documentadas audiovisualmente. Finalmente, os resultados do traballo etnográfico realizado polo alumnado dos diferentes centros educativos participantes púxose en común e presentouse á comunidade universitaria nunha *Olimpíada da diversidade: Trocando linguas* que se celebrou na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela o 2 de maio de 2025³ (cf. Prego Vázquez et al. 2024). Todos estes materiais audiovisuais, xunto cos cadernos co traballo etnográfico e reflexión do alumnado proporcionan un materiais moi valiosos para posteriores análises académicas.

4. Desenvolvemento das actividades e dinámicas de (inter)mediación lingüística

Unha das particularidades da actividade *Trocando linguas* con respecto a actividades anteriores realizadas no marco do proxecto *EquiLing Galiza* foi a inclusión, por primeira vez, do tratamento explícito do fenómeno da ILM.

Se ben todos os recursos e dinámicas desenvolvidas no marco do proxecto *EquiLing Galiza* e da actividade *Trocando linguas* resultan útiles para traballar a competencia plurilingüe e pluricultural, nesta contribución centrareime nas actividades concretas deseñadas para tratar o fenómeno da ILM e que, xa que logo, poden empregarse tanto para traballar a actividade e a estratexia comunicativa de lingua da mediación como para a valorar os repertorios lingüísticos do alumnado alóctono. Por razóns de espazo centrareime aquí na sesión 4, dedicada á ILM.

O obxectivo desta sesión sobre ILM era dobre. En primeiro lugar, pretendíase concienciar ao alumnado e ao profesorado sobre a existencia e as características da ILM, ademais de sobre as problemáticas que pode levar consigo o uso de menores como tradutores/as e intérpretes. Tratábase, por tanto, de poñer en valor unha práctica lingüística propia das comunidades migrantes que habitualmente resulta invisibilizada. Neste contexto, considero que vincular estas prácticas, destrezas e habilidades –que moitos/as destes/as menores xa desenvolven no seu día a día– coa actividade de lingua

³ Este acto, que se gravou e retransmitiu por streaming, está dispoñible en <https://www.youtube.com/live/d-DD7gfjQT0>

da mediación nas aulas de linguas estranxeiras resulta un xeito significativo de recoñecer o seu valor e integrar a súa experiencia lingüística no ámbito educativo.

Por outro lado, o tratamento explícito da ILM nas aulas permitía recoller e aprender sobre experiencias de ILM no contexto galego, un fenómeno sobre o que practicamente non existen estudos previos (cf. Estévez Grossi: 2025). Por motivos de espazo, no entanto, centrarémonos aquí no primeiro dos obxectivos mediante a presentación das propostas de actividades que se levaron a cabo na actividade *Trocando linguas*.

Para a elaboración das actividades, o proxecto *EquiLing Galiza* desenvolveu unha metodoloxía propia que combina o enfoque pedagóxico Conciencia Lingüística Crítica (Fairclough 1992; García 2008; Hawkins 1984) con recursos propios da expresión dramática de variado tipo (cf. Caamaño Rojo en prensa; Prego Vázquez, Caamaño Rojo, & Zas Varela: 2025). Seguindo esa orientación, para explorar a ILM desenvóléronse actividades específicas baseadas no xogo de rol, un enfoque que se emprega habitualmente na formación de intérpretes (cf. Metzger 2000; Pöchhacker 2004:187) e que ten un gran potencial para a reflexión intercultural en contextos de migración (cf. Zamboanga et al. 2016). Ademais, para a programación das actividades específicas que se desenvolveron na sesión dedicada á ILM, inspirámonos no manual *Inclusión, diversidad y comunicación entre culturas: Manual para docentes con actividades para realizar en clase con el alumnado de secundaria* (Vargas-Urpí & Arumí 2022) que elaboramos como parte dos resultados intelectuais dun proxecto anterior, *Empowering Young Language Brokers for Inclusion in Diversity* (EYLBID)⁴ (2020-2022), que tiña entre os seus obxectivos o estudo do fenómeno da ILM en Europa e a elaboración de materiais didácticos para traballar o fenómeno da ILM nas aulas de secundaria⁵.

A sesión 4, dedicada á ILM, consistiu en dúas dinámicas, a primeira delas tiña un carácter lúdico que se empregou para introducir o tema da ILM e activar a reflexión metalingüística, mentres que a segunda empregou o xogo de rol para tratar máis especificamente o tema da ILM. A continuación pasarase a describir ambas as dúas dinámicas.

⁴ Proxecto Erasmus+ *Empowering Young Language Brokers for Inclusion and Diversity* (2019-1-ES01-KA201-064417, Leibniz Universität Hannover).

⁵ O manual inclúe textos divulgativos para o profesorado sobre diferentes temas relacionados coa diversidade lingüística e a ILM, ademais de actividades para levar a cabo nas aulas. O manual está dispoñible en liña e aberto en todas as linguas do proxecto –alemán, castelán, catalán, italiano e inglés, proximamente estará dispoñible en galego–. Alén diso tamén se desenvolveu o videoxogo *Adventures of a Young Language Broker*, un xogo serio creado con fins educativos para abordar fenómeno da ILM nas aulas (cf. Estévez Grossi, en prensa). Estes e outros recursos poden atoparse na páxina web oficial do proxecto: <https://webs.uab.cat/eylbid/>

4.1. Dinámica 1: O teléfono escangallado

- Reflexión inicial: Reflexionamos sobre como as mensaxes van mudando de forma cando pasan dunha persoa a outra, o cal deberíamos de ter en conta cando escoitamos unha historia de segunda man. Tamén no caso da mediación, tradución e interpretación, a forma e o contido da mensaxe pode cambiar.
- Instrucións: O alumnado senta en círculo en dous grupos. A primeira persoa de cada grupo recibe unha mesma palabra ou frase en galego/castelán/portugués, que terá que bisbarlle ao oído á persoa que ten ao seu carón, esta á seguinte e así sucesivamente ata chegar á última persoa do círculo. Despois, esta última persoa de cada grupo comparte o que escoitou e reflexionamos sobre como mudou ou non a mensaxe en cada grupo.
- Asemblea final

A dinámica deu lugar ao intercambio de experiencias persoais do alumnado arredor de situacións de malentendidos, o cal permitiu activar os seus coñecementos previos e a súa reflexión metalingüística sobre como se alteran as mensaxes ao seren transmitidas por terceiras persoas. Tamén permitiu reflexionar sobre a dificultade engadida de mediar en linguas que non dominamos totalmente. O feito de incorporar palabras ou frases en linguas próximas —como o castelán, o galego e o portugués— resultou especialmente interesante para poñer de relevo como, se ben a proximidade lingüística pode facilitar a comprensión, tamén pode implicar desafíos na aprendizaxe de linguas e nunha situación real de mediación.

4.2. Dinámica 2: Xogo de rol

A segunda dinámica consistiu nun xogo de rol non guionizado (Pinzl 2024) no que o alumnado, organizado en grupos, escenificou situacións habituais de ILM na escola. No canto de empregar guións predefinidos, optouse por asignar a cada participante un papel que debía interpretar a partir da improvisación, xa que isto resulta en interaccións máis naturais, espontáneas e realistas (cf. Falbo 2020:163). Esta modalidade permitiu, ademais, que o propio alumnado tivese que imaxinar situacións plausibles nas que podería producirse a ILM, de xeito que se incentivaba a reflexión sobre os contextos e retos comunicativos que poden implicar estas prácticas. Así, tomouse como referencia a literatura existente sobre ILM para propoñer tres escenarios típicos (cf. Ceccoli 2019; Dorner, Faulstich Orellana, & Li-Grining 2007; Morales & Aguayo 2010):

- (1) intermediación entre dúas ou máis persoas adultas (entre docente e proxenitores),

(2) intermediación entre unha persoa adulta e un menor (docente e alumno/a alóctono/a) e

(3) intermediación entre menores (alumno/a alóctono/a e alumnado autóctono)

Unha vez escollido o escenario por cada grupo, cada alumno/a asumiu un papel específico (intermediador(a), pai/nai, docente, alumno/a, etc.). Tras unha breve fase de preparación conxunta, o alumnado debía improvisar en pleno unha escena concreta na que a comunicación entre os personaxes requiría da intervención dun(ha) intermediador(a) lingüístico/a.

- Reflexión inicial: O alumnado debe imaxinarse que marcha coa súa familia a vivir a un país no que se fala unha lingua moi diferente á súa lingua familiar. No novo país, aprende rapidamente a nova lingua e convértese en intérprete para familiares, compañeiros/as e profesores/as.
- Instrucións: Dividimos ao alumnado en 3 grupos e dámoslles a elixir ou asignámoslles unha das seguintes situacións:
 - Reunión coa profesora
 - Un(ha) novo/a compañeiro/a na clase
 - Un(ha) novo/a compañeiro/a no patio

Cada grupo prepara a escenificación e decide a(s) lingua(s) e os papeis que cada quen vai empregar e adoptar. Para o éxito da actividade, é importante manter a ficción en todo momento de que non hai intercompresión entre os interlocutores primarios. O/a intérprete ten que traducir, coas súas propias palabras, o que din as partes. As partes teñen que improvisar o que din en función do transcurso da conversa.

- Representacións
- Asemblea final

A través desta dinámica, o alumnado tivo a oportunidade de poñerse na pel doutras crianzas que deben actuar como intermediadoras lingüísticas e de experimentar, en primeira persoa, a complexidade comunicativa, emocional e ética que comporta esta práctica. Dous dos grupos decidiron representar a situación 2, a intermediación entre unha persoa adulta e un(ha) menor, na cal se escenificaba un contexto de aula no que un(ha) estudante tiña que traducirlle a outro/a compañeiro/a alóctono/a o contido da explicación do/a docente. Esta elección resultou especialmente significativa, xa que exemplifica unha das formas máis habituais de ILM no contexto escolar, coñecida na literatura como *peer teaching* (cf. Pugliese 2017) e permitiu visibilizar tarefas de intermediación que, malia seren frecuentes, adoitan pasar desapercibidas ou carecer de recoñecemento institucional.

O terceiro grupo representou unha reunión entre proxenitores e a profesora (situación 1), na que esta manifestaba o seu descontento co comportamento do alumno. Neste caso, o alumno que desempeñaba o papel de intermediador optou por non traducir fielmente a mensaxe da docente, de maneira que modificaba o contido ante os seus pais co obxectivo de evitar as posibles consecuencias negativas no seo da familia. Esta representación xerou unha discusión moi interesante na asemblea, na que se abordaron cuestións como os dilemas éticos, as lealdades cruzadas ou as tensións que xorden cando un(ha) menor debe actuar como intermediador(a) para a súa familia ou amizades nun contexto como o escolar.

4. Conclusións

As actividades que se acaban de describir máis arriba e que se desenvolveron no marco deste proxecto amosan o potencial didáctico de incluír situacións propias da Intermediación Lingüística por parte de Menores (ILM) para traballar as competencias plurilingüe e de mediación lingüística desde unha perspectiva auténtica e situada. A ILM, como práctica habitual en contextos migratorios e bilingües, permite incorporar ás aulas situacións comunicativas reais que conectan coas experiencias vitais do alumnado, visibilizan os seus repertorios lingüísticos e favorecen o recoñecemento das súas identidades plurais.

Esta proposta ofrece, xa que logo, unha resposta concreta aos desafíos que afronta o profesorado á hora de integrar o enfoque plurilingüe e as actividades de mediación e permite poñer en valor a diversidade lingüística do alumnado de orixe migrante. Nun contexto no que moitas veces faltan materiais e orientacións didácticas específicas, as actividades que aquí se presentan poden contribuír a ofrecer modelos de intervención pedagóxica que promovan aprendizaxes significativas, favorezan a conciencia lingüística crítica e reforcen a inclusión.

Se ben a análise sistemática dos datos obtidos mediante a realización destas e outras dinámicas no marco da actividade *Trocando linguas* aínda está en curso, non quixera rematar esta contribución sen presentar aquí as voces do alumnado participante. Estas permiten constatar como a actividade no seu conxunto favoreceu unha implicación persoal e crítica por parte do alumnado, o cal permitiu visibilizar repertorios lingüísticos e conectar as súas experiencias persoais coa aprendizaxe escolar. Deste xeito, o alumnado valorou positivamente a súa participación, especialmente o carácter lúdico e innovador das actividades, así como a oportunidade de descubrir a diversidade lingüística presente nas súas propias familias e nas dos/as compañeiros/as. En moitos dos textos escritos polo alumnado en cadanseu caderno etnográfico, podemos observar a sorpresa que experimentou ante realidades ata entón invisibilizadas, o que dá conta do potencial transformador dunha intervención que combina a reflexión

crítica coa acción didáctica. Ilustra ben esta idea o seguinte fragmento dun dos cadernos:

[A] pesar de [a profesora de portugués] nos ter dito como iam ser as actividades, não acreditei muito bem, porque quando se organizam estas coisas, fazem sempre actividades atractivas, mas acabam por fazer o que fazem sempre: mandam-nos actividades para fazer em casa [...] que não contribuem para nada. Fiquei muito surpreendido com o facto de termos feito actividades divertidas e didácticas. [...] Outra coisa que gostei muito foi conhecer as línguas e culturas das famílias dos meus colegas de turma, embora já soubesse que no [centro educativo] temos muita variedade cultural, fiquei surpreendido ao descobrir que nas famílias de colegas de turma que eu pensava não terem muito mistério tinham un grande fundo, assim como a minha tenho a certeza que surpreendeu mais do que um deles.

En definitiva, considero que esta proposta non só contribúe a abordar con éxito os obxectivos formativos dos actuais marcos normativos, senón que tamén axuda a construír unha escola máis xusta, máis conectada coa realidade social e máis sensible ás prácticas lingüísticas cotiás do seu alumnado. O reto, agora, é continuar explorando e consolidando este tipo de intervencións como parte integrante dunha educación plurilingüe crítica e transformadora.

5. Bibliografía

- Angelelli, Claudia Viviana (2016): "Looking back: A study of (ad-hoc) family interpreters", *European Journal of Applied Linguistics* 4 (1): 5–31. Dispoñible en: <https://doi.org/10.1515/eujal-2015-0029>.
- Antonini, Rachele (2015): "Child language brokering", en *Routledge Encyclopedia of Interpreting Studies*, editado por F. Pöchhacker, London & New York, Routledge, pp. 48–49.
- (2016): "Caught in the middle: child language brokering as a form of unrecognised language service", *Journal of Multilingual and Multicultural Development* 37 (7), pp. 710–725. Dispoñible en: <https://doi.org/10.1080/01434632.2015.1127931>.
- Bucholtz, Mary, Lopez, Audrey, Mojarro, Allina, Skapoulli, Elena, Vander Stouwer, Chris & Warner-Garcia, Shawn (2014): "Sociolinguistic Justice in the Schools: Student Researchers as Linguistic Experts", *Language and Linguistics Compass* 8 (4), pp. 144–157. Dispoñible en: <https://doi.org/10.1111/lnc3.12070>.
- Caamaño Rojo, María J. (en prensa): "Expresión dramática y competencia plurilingüe en contextos educativos multilingües", en *Competencia plurilingüe y pluricultural: enfoques desde la Didáctica de la Lengua y la Literatura*, editado por I. Fernández López, Berlin, Peter Lang, pp. 29–46.

- Canalejas Nieto, Daniel (2022): "La Mediación Lingüística En Los Nuevos Currículos De Enseñanza De Lenguas Extranjeras", *Revista Supervisión* 21 65, pp. 1–27. Disponible en: <https://doi.org/10.52149/Sp21/65.4>.
- Ceccoli, Federica (2019): *Sociolinguistic Perspective on Child Language Brokering: Attitudes, Perception of Self and Interactional Contributions*, Bologna, Università di Bologna.
- Consejo de Europa (2020): *Marco común europeo de referencia para las lenguas: aprendizaje, enseñanza, evaluación. Volumen complementario*, Estrasburgo, Servicio de publicaciones del Consejo de Europa. Disponible en: https://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/marco_complementario/mcer_volumen-complementario.pdf.
- Consello de Europa (2005): *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. Disponible en: <http://www.cirp.es/pub/docs/ava/MarcoEuropeoComun.pdf>.
- Crafter, Sarah, Cline, Tony & Prokopiou, Evangelia (2017): "Young Adult Language Brokers' and Teachers' Views of the Advantages and Disadvantages of Brokering in School", en *Language Brokering in Immigrant Families*, editado por R. S. Weisskirch, London & New York, Routledge, pp. 224–243. Disponible en: <https://doi.org/10.4324/9781315644714-12>.
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia* (2022): Diario Oficial de Galicia. Disponible en: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0002_gl.html.
- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (2022): Diario Oficial de Galicia. Disponible en: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0003_gl.html.
- DePalma, Renée & Pérez-Caramés, Antía (eds.) (2018): *Galician Migrations: A Case Study of Emerging Super-diversity*. Cham, Springer. Disponible en: <https://link.springer.com/content/pdf/10.1007/978-3-319-66305-0.pdf>.
- Dorner, Lisa M., Faulstich Orellana, Marjorie & Li-Grining, Christine P. (2007): "'I Helped My Mom,' and It Helped Me: Translating the Skills of Language Brokers into Improved Standardized Test Scores", *American Journal of Education* 113 (3), pp. 451–478. Disponible en: <https://doi.org/10.1086/512740>.
- Duarte, Joana & Gogolin, Ingrid (2013): "Introduction: Linguistic superdiversity in educational institutions", en *Linguistic Superdiversity in Urban Areas. Research Approaches*, editado por J. Duarte & I. Gogolin, Amsterdam & New York, John Benjamins Publishing Company, pp. 1–24. Disponible en: <https://doi.org/10.1075/hsld.2.02dua>.

- Estévez Grossi, Marta (2025): "A Intermediación Lingüística por parte de Menores en Galiza: Un primeiro estudo exploratorio", en *Identidades e ideoloxías perante a diversidade lingüística*, editado por E. Fidalgo Garra, M. Guisantes Alonso & E. Fernández Rey, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 239–263. Disponible en: https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2025_Identidades-e-ideoloxias-perante-a-diversidade-linguistica.pdf.
- (en prensa): "Fomentar la conciencia lingüística crítica a través de juegos serios: la (inter)mediación lingüística en Adventures of a Young Language Broker", en *Competencia plurilingüe y pluricultural: enfoques desde la Didáctica de la Lengua y la Literatura*, editado por I. Fernández López, Berlin, Peter Lang, pp. 153–172.
- Falbo, Caterina (2020): "Project-Based Learning through Simulation : How to Run a Training Session Using Role-Play as a Learning Tool", en *Teacher Education for Community Interpreting and Intercultural Mediation: Selected Chapters*, editado por N. K. Pokorn, M. Viezzi & T. Radanović Felberg, Ljubljana, Ljubljana University Press, pp. 156–174. Disponible en: <https://arts.units.it/bitstream/11368/2980556/1/TeacherEducation.pdf#page=156>.
- García-Sánchez, Inmaculada M^a & Faulstich Orellana, Marjorie (2022): "Negotiating Interculturality from the Margins: Translinguistic Practices as Affective Labor in Immigrant Child Language Brokering", en *Interculturality in Institutions: Symbols, Practices and Identities*, editado por M. Fatigante, C. Zuccheromaglio & F. Alby, Cham, Springer, pp. 295–311.
- Hall, Nigel & Guéry, Frédérique (2010): "Child Language Brokering: Some considerations", *mediAzioni* 10, pp. 24–46. Disponible en: <https://mediazioni.sitlec.unibo.it/index.php/no-10-special-issue-2010/163-child-language-brokering-some-considerations.html>.
- Heller, Monica, & Duchêne, Alexandre (2007): *Discourses of Endangerment: Ideology and Interest in the Defence of Languages*, London, Bloomsbury Publishing.
- Heller, Monica, Pietikäinen, Sari & Pujolar Cos, Joan (eds.) (2018): *Critical Sociolinguistic Research Methods: Studying Language Issues That Matter*, London & New York, Routledge.
- Herring, Rachel & Swabey, Laurie (2017): "Experiential learning in interpreter education", Saint Paul, CATIE Center at St. Catherine University.
- Hudson, Clemente Charles & Whisler, Vesta R. (2007): "Contextual teaching and learning for practitioners", *IMSCI 2007 - International Multi-Conference on Society, Cybernetics and Informatics, Proceedings* 2 (4), pp. 228–232.
- Lassiter, Luke Eric (2005): *The Chicago Guide to Collaborative Ethnography*, Chicago, The University of Chicago Press.
- Leyva, Xochitl & Speed, Shannon (2008): "Hacia la investigación descolonizada: nuestra experiencia de co-labor", *Gobernar(en) la diversidad: experiencias indígenas*

- en América Latina. Hacia la investigación de co-labor*, pp. 34–59. Disponible en: http://buscon.rae.es/draelt/SrvltGUIBusU-sual?TIPO_HTML=2&TIPO_BUS=3&LEMA=colaborar.
- Lisa Samper, Pedro & Timón Redondo, Marta (2023): “Reflexiones sobre la concreción en el aula del currículo establecido en la lomloe para primera lengua extranjera y los retos para el profesorado”, *Supervisión 21: revista de educación e inspección* 67, pp. 1–23. Disponible en: <https://supervision21.usie.es/index.php/Sp21/article/view/675/1299>.
- López Martínez, María Sol, Prego Vázquez, Gabriela & Zas Varela, Luz (2023): “Confrontando las políticas lingüísticas de la escuela con los repertorios plurilingües de los jóvenes en Galicia”, en *Usar, enseñar, aprender lenguas en la diversidad, globalización y movilidad: Perspectivas conceptuales y metodológicas*, editado por H. Muñoz Cruz, Ciudad de México, Ediciones del Lirio, pp. 163–194.
- Melo-Pfeifer, Sílvia (2021): “¿Profesor/a de ELE o educador/a plurilingüe? Dudas y crisis como momentos productivos en el desarrollo profesional en la formación inicial de profesores de lenguas”, en *Internalización y enseñanza del español como LE/L2: plurilingüismo y comunicación intercultural*, editado por M. Saracho-Arnáiz y H. Otero-Doval, ASELE, pp. 53–71. Disponible en: https://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/asele/vol_03.htm.
- Metzger, Melanie (2000): “Interactive role-plays as a teaching strategy”, en *Innovative practices for teaching sign language interpreters*, editado por C. B. Roy., Washington D.C., Gallaudet University Press.
- Morales, Alejandro & Aguayo, David (2010): “Parents and children talk about their language brokering experiences: A case of a Mexican immigrant family”, *mediAzioni* 10, pp. 215–238.
- Mubarok, Husni, Sofiana, Nina, Diah, Kristina & Rochsantiningsih, Dewi (2022): “Meaningful Learning Model Through Contextual Teaching and Learning; the Implementation in English Subject”, *Edulingua: Jurnal Linguistiks Terapan dan Pendidikan Bahasa Inggris* 9 (1), pp. 23–34. Disponible en: <https://doi.org/10.34001/edulingua.v9i1.3159>.
- Napier, Jemina (2021): *Sign language brokering in deaf-hearing families*, Cham, Palgrave Macmillan.
- Pinzl, Michelle Marie (2024): “Non-scripted role-playing with heritage speakers and second language learners in the medical interpreting classroom”, *Translation and Translanguaging in Multilingual Contexts* 10 (2), pp. 206–235. Disponible en: <https://doi.org/10.1075/ttmc.00134.pin>.
- Pöchhacker, Franz (2004): *Introducing Interpreting Studies*, London & New York, Routledge.
- Portolés, Laura & Martí, Otilia (2020): “Teachers’ beliefs about multilingual pedagogies and the role of initial training”, *International Journal of Multilingualism* 17 (2), pp. 248–264. Disponible en: <https://doi.org/10.1080/14790718.2018.1515206>.

- Prego-Vázquez, Gabriela, Molina, Clara & Puigdevall, Maite (2025): "Talking about sociolinguistic injustice: critical ethnographies towards speaker conscientization", *International Journal of the Sociology of Language*, pp. 27–52. Disponible en: <https://doi.org/10.1515/ijsl-2023-0076>.
- Prego Vázquez, Gabriela (2023): "(Des)reconocimiento sociolingüístico y escalaridad en los nuevos repertorios lingüísticos glocles de los jóvenes en Galicia", en *Superdiversidad lingüística en los nuevos contextos multilingües: una mirada etnográfica y multidisciplinar*, editado por G. Prego Vázquez y L. Zas Varela, Madrid & Frankfurt am Main, Iberoamericana Vervuert, pp. 85–118.
- Prego Vázquez, Gabriela, Caamaño Rojo, María, Estévez Grossi, Marta & Zas Varela, Luz (2024): "Trocando linguas: a diversidade lingüística nas aulas de secundaria na Galiza", *Clara Corbelhe*, Santiago de Compostela, Espaço Clara Corbelhe. Disponible en: <https://claracorbelhe.gal/artigo/trocando-linguas-a-diversidade-linguistica-nas-aulas-de-secundaria-na-galiza/>.
- Prego Vázquez, Gabriela, Caamaño Rojo, María & Zas Varela, Luz (2025): "Ideoloxías lingüísticas na (re)presentación da diversidade da aula", en *Identidades e ideoloxías perante a diversidade lingüística*, editado por E. Fidalgo Garra, M. Guisantes Alonso & E. Fernández Rey, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 209–236. Disponible en: https://consellodacultura.gal/mediateca/extra/CCG_2025_Identidades-e-ideoloxias-perante-a-diversidade-linguistica.pdf.
- Prego Vázquez, Gabriela & Zas Varela, Luz (2023): "Introducción", en *Superdiversidad lingüística en los nuevos contextos multilingües: una mirada etnográfica y multidisciplinar*, editado por G. Prego Vázquez y L. Zas Varela, Madrid / Frankfurt am Main, Iberoamericana Vervuert, pp. 9–16.
- Pugliese, Rosa (2017): "Tradurre per la compagna di banco: Child language brokering e interazioni costruttive nella classe plurilingue", en *Educazione linguistica in classimultietniche*, editado por L. Corrà, 85–116. Disponible en: <https://doi.org/10.4399/97888255xxxx4>.
- Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, por el que se establecen la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Primaria* (2022): Boletín Oficial del Estado. Disponible en: <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2022-3296>.
- Real Decreto 217/2022, de 29 de marzo, por el que se establece la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Secundaria Obligatoria* (2022): Boletín Oficial del Estado. Disponible en: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-5521-consolidado.pdf>.
- Unamuno, Virginia (2019): "N'ku ifweln'uhu: Co-labor ethnography and the collective production of intercultural bilingual education in wichi communities (Chaco, Argentina)", *Foro de Educación* 17 (27), pp. 125–146. Disponible en: <https://doi.org/10.14516/fde.701>.

- Valle, José Del (2000): "Monoglossic policies for a heteroglossic culture: misinterpreted multilingualism in Modern Galicia", *Language & Communication* 20, pp. 105–132. Disponible en: [https://doi.org/10.1016/S0271-5309\(99\)00021-X](https://doi.org/10.1016/S0271-5309(99)00021-X).
- Vargas-Urpí, Mireia, & Arumí, Marta (eds.) (2022): *Inclusión, diversidad y comunicación entre culturas: Manual para docentes con actividades para realizar en clase con el alumnado de secundaria*. Barcelona: EYLBID.
- Vertovec, Steven (2007): "Super-diversity and its implications", *Ethnic and Racial Studies* 30 (6), pp. 1024–1054. Disponible en: <https://doi.org/10.1080/01419870701599465>.
- Weisskirch, Robert S. (2017): "Future Directions for Language Brokering Research", en *Language Brokering in Immigrant Families*, London & New York, Routledge, pp. 294–305. Disponible en: <https://doi.org/10.4324/9781315644714-15>.
- Zamboanga, Byron L., Ham, Lindsay S., Tomaso, Cara C., Audley, Shannon & Pole, Nnamdi (2016): "'Try Walking in Our Shoes': Teaching Acculturation and Related Cultural Adjustment Processes Through Role-Play", *Teaching of Psychology* 43 (3), pp. 243–249. Disponible en: <https://doi.org/10.1177/0098628316649484>.